

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2015-2016

PROVISIONAL

FINAL DATA: 11 de setembro de 2017

DATOS DO TÍTULO	
Denominación do Título	Grao en Belas Artes
Centro/s onde se imparte o título	Facultade de Belas Artes
Resultado do proceso de seguimento	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (B) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Xustificación xeral do resultado:

Cumprimento do proxecto establecido:


O resultado da avaliación do informe de seguimento do Grao en Belas Artes é de Conforme (B). Esta valoración ten que ver co distinto nivel de cumprimento dos diferentes criterios contemplados na avaliación, como se reflicte a continuación de maneira esquemática:

1. No referente á organización e desenvolvemento das ensinanzas, existe unicamente correspondencia parcial entre as competencias reflectidas nas guías docentes das materias e as contempladas na memoria de verificación do título, e detéctase unha falta de coordinación entre materias que se reflicte tamén nos resultados das enquisas de satisfacción.
2. No referente á información e transparencia, a información é clara, útil, intuitiva e actualizada.
3. O Sistema de Garantía de Calidade: a súa aplicación no centro pode mellorar se se tratan todos os procedementos nas reunións da Comisión de Calidade e se actualizan os procedementos.
4. Os Recursos humanos son coherentes coa Memoria verificada, mais non se analizan os resultados das enquisas de avaliación docente. Cómpre analizar as enquisas de avaliación docente e recoméndase unha maior claridade na exposición dos datos sobre profesorado para que se poida facer unha análise máis detallada.
5. A análise dos resultados asociados aos recursos materiais e infraestruturas no informe de revisión pola dirección é incompleta, posto que se fai referencia a certos problemas neste ámbito e tamén se apunta unha posible causa, mais non se reflexiona sobre cal podería ser a mellor solución.
6. Os resultados de aprendizaxe están analizados, excepto os do TFG. Cómpre ir máis alá da comparación dos resultados cos de cursos anteriores.
7. A reflexión sobre os indicadores é máis ou menos completa e reflicte a opinión dos titulados, que poder fornecer información valiosa.

Plan de melloras do título:

O plan de melloras inclúe accións de mellora coherentes cos puntos febles detectados que poden axudar a resolvelos. En todo caso, cómpre mellorar o seguimento das accións previstas nos plans de mellora dos cursos pasados, xa que non parece haber un seguimento de todas as accións de mellora previstas.

Vigo, a 11 de setembro de 2017



Xosé María Gómez Clemente
Director da Área de Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input checked="" type="checkbox"/> C	

Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	Conforme	C
Información e Transparencia	Conforme excelente	A
Sistema de Garantía de Calidade	Conforme	C
Recursos Humanos	Non conforme	D
Recursos Materiais e Servizos	Conforme	B
Resultados de Aprendizaxe	Conforme	B
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	Conforme	B

Plan de Melloras

Desenvolvemento	Conforme excelente	A
Seguimento	Non conforme	C
Coherencia	Conforme excelente	A

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
1.- Guías docentes das materias. <i>Fonte: Docnet e Memoria da titulación</i>	<p>Comprobar que as guías docentes de 3 materias elixidas aleatoriamente teñen os campos de competencias, contidos e metodoloxía docente correctamente cumprimentados nas dúas linguas e valorar se información é coherente coa memoria da titulación. (indicar neste campo las materias elixidas)</p> <p>Se houbo algún apartado sen información ou información incoherente, pódese comprobar ata 6 materias e verificar se é un erro sistemático ou puntual</p> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Incumprimento xeneralizado de polo menos un campo.</p> <p>Descrición da avaliación: Das guías docentes comprobadas, non todas están redactadas en galego e castelán, senón que unha non dispón de información en galego a pesar de que se indica que se imparte nas dúas linguas e de que hai evidencias de que se empregou o tradutor automático da aplicación Docnet para a súa elaboración. En xeral, as guías recollen entre as súas competencias as competencias establecidas na memoria para o módulo en que se inscriben as materias correspondentes, aínda que non sempre coinciden exactamente. As competencias da memoria adoitan coincidir cos resultados de aprendizaxe establecidos nas guías. Tamén de maneira xeral, os contidos reflectidos nas guías son moito máis amplos cós reflectidos na memoria e, aínda que son</p>

	<p>coherentes con eles, só coinciden parcialmente. Obsérvase unha fragmentación excesiva dos contidos nas guías docentes. Tampouco as metodoloxías coinciden plenamente coas establecidas nas guías pero son coherentes con éstas.</p> <p>Detéctanse sistematicamente certas faltas de correspondencia entre os contidos establecidos na memoria do Grao e os reflectidos nas guías docentes, que parecen excesivamente amplos ou fragmentados con respecto ao indicado na memoria. Recoméndase empregar como referencia os bloques temáticos indicados na memoria. Por outra banda, as competencias son parcialmente coherentes coas competencias do módulo, mentres que as competencias establecidas na memoria se corresponden ou son coherentes cos resultados de aprendizaxe. Con todo, detéctanse guías cun número excesivo de competencias que inclúen algunhas que non corresponden co módulo da materia analizada. As metodoloxías coinciden parcialmente, algo que na nosa opinión é positivo e que debe axustarse cada curso segundo a práctica docente, mais que cómpre revisar anualmente tendo en conta a memoria. Finalmente, non todas as guías docentes están dispoñibles en galego e castelán, aínda que a maioría si que o están.</p>
<p>2.- Informe de Coordinación Fonte: SGIC</p>	<p>Analizar no rexistro do SGIC “R1 DO 0201 P1 Informe de Coordinación” (Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0201 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza) os mecanismos de coordinación docente.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai mecanismos incompletos de coordinación.</p> <p>Descrición da avaliación: O Informe de Coordinación do Grao en Belas Artes indica que existen mecanismos de coordinación, encamiñados fundamentalmente á detección e resolución de problemas en distintos ámbitos mais, a partir da redacción do informe estes parecen ser incompletos, posto que non se establecen mecanismos de coordinación docente entre materias, xa sexan do mesmo curso ou de cursos diferentes.</p> <p>Os mecanismos de coordinación establecidos parecen ser incompletos, posto que non se establecen mecanismos de coordinación docente entre materias, xa sexan do mesmo curso ou de cursos diferentes. Destaca na redacción do informe a inclusión dunha proposta do profesor Hernández, que suxire coordinarse entre o profesorado para establecer unha progresividade planificada do desenvolvemento dos contidos das materias. Recoméndase aplicar esta iniciativa para mellorar e completar a coordinación do grao e centrala non tanto na detección de resolución de problemas, como no desenvolvemento coordinado das ensinanzas e as aprendizaxes.</p>

1.1.1 Valoración do Criterio:

1 Organización e Desenvolvemento C

1.1.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Non conformidade	Guías docentes das materias/ asignaturas	Na evidencia “ <i>Guías docentes das materias/ asignaturas</i> ” evidénciase que en 5 das 6 guías docentes (P01G010V01203, P01G010V01305, P01G010V01401, P01G010V01603, P01G010V01908, P01G010V01910) as competencias non se corresponden coas establecidas na memoria do Grao, e que o número de competencias é ou ben moi superior ou ben moi inferior ao indicado na memoria. Por exemplo, na guía da materia P01G010V01603 inclúense 11 competencias que non figuran como competencias do módulo na memoria da titulación, mentres que na guía da materia P01G010V01401, redactada unicamente en castelán, só se inclúen 5 das 48 competencias que lle corresponden ao módulo.	
Recomendación de mellora	Informe de coordinación	O informe é completo e os mecanismos de coordinación permiten, fundamentalmente, detectar e resolver problemas. Recoméndase mellorar os mecanismos de coordinación horizontal e vertical das ensinanzas e as aprendizaxes.	
Fortaleza	Informe de coordinación	O informe apunta a unha iniciativa que propón mecanismos de coordinación para garantir a progresividade planificada do desenvolvemento dos contidos.	

1.1.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

Evidencias	Descrición
3.-Páxina web da Universidade, centro ou título	<p>Valorar se a información pública destes apartados do título é útil, intuitiva e actualizada.</p> <ul style="list-style-type: none"> • TFG/TFM (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.) • Horarios, aulas e calendarios de exames. • Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade • Profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV, etc.) • Informe de revisión pola dirección <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Información incompleta e non moi accesible dalgunha cuestión.</p> <p>Descrición da avaliación: A información pública dos apartados analizados é completa, clara, útil, intuitiva e actualizada. Como única recomendación para a mellora, podería elaborarse un calendario de probas de avaliación continua que reunise todas as establecidas nas guías docentes, no canto de remitir a cada unha das guías para obter a información.</p>

1.2.1 Valoración do Criterio:

2 Información e Transparencia

A

1.2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Información publicada na web do centro e do título	A información pública dos apartados analizados é completa, clara, útil, intuitiva e actualizada.	
Recomendacións para a mellora	Información publicada na web sobre probas de avaliación continua	Sería útil a efectos de coordinación e consulta elaborar un calendario que reunise todas as establecidas nas guías docentes, no canto de remitir a cada unha das guías para obter a información.	

1.2.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
<p>4.- Actas do último curso da Comisión de Calidade: <i>Fonte: Evidencia 5 do Auto informe de Avalía</i></p>	<p>Comprobar nas actas que hai asuntos tratados na Comisión de calidade que xorden da implantación dos procedementos (por exemplo coordinación, orientación, practicas, promoción...)</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Evidenciase que os asuntos tratados na comisión non tratan de forma integral o desenvolvemento do sistema de calidade.</p> <p>Descrición da avaliación: Na evidencia 5 do Autoinforme de Avalía non constan as actas da Comisión de Calidade, senón as da Xunta de Facultade. Na web do centro constan 4 ligazóns ás actas do curso 2015-16. Evidénciase nas actas que os asuntos tratados na comisión non tratan de forma integral o desenvolvemento do sistema de calidade.</p> <p>Polo que se pode desprender das actas da Comisión de Calidade, non se trataron durante o curso asuntos relacionados cos procedementos DE-01, DE-02, PE-O2, PC11. Tampouco cos procedementos relativos á xestión académica nin con moitos dos procedementos de planificación de desenvolvemento da ensinanza (p. ex. Orientación ao estudantado, Xestión de mobilidade ou xestión de prácticas académicas externas).</p>
<p>5.- Documentación do SGIC <i>Fonte: SGIC</i></p>	<p>Comprobar estes 2 rexistros de procedementos na aplicación para comprobar a implantación do SGC.</p> <ul style="list-style-type: none"> • R1 DO 0203 P1 Plan de acción tutorial (anual) <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0203 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza</i> • R1 DO 0202 P1 Plan de Promoción do centro (anual) <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0202 P1 Promoción de las titulaciones</i> <p>Os documentos están accesibles e desenvolvidos, mais non é posible determinar se están actualizados porque non consta ningunha data.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Falta un procedemento actualizado e coa información apropiada.</p> <p>Descrición da avaliación: Os documentos están accesibles e desenvolvidos, mais non é posible determinar se están actualizados porque non consta ningunha data. Recoméndase actualizar todos os anos os documentos adaptándoos ao seguimento da titulación.</p>

1.3.1 Valoración do Criterio:

3 Sistema de Garantía de Calidade C

1.3.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Actas da Comisión de Calidade	Evidénciase nas actas que os asuntos tratados na comisión non tratan de forma integral o desenvolvemento do sistema de calidade (ver descrición da avaliación).	
Recomendacións para a mellora	PAT e Plan de Promoción	Os documentos están accesibles e desenvolvidos, mais non é posible determinar se están actualizados porque non consta ningunha data. Recoméndase actualizar todos os anos os documentos adaptándoos ao seguimento da titulación.	

1.3.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
6.- Plan de Ordenación Docente <i>Fonte: Evidencia 15 do Auto informe de Avalía</i>	<p>Analizar na evidencia N°15 do auto informe o número e a categoría do profesorado, e se o número de profesores por materia e razoable.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Distribucións de profesorado por materias ou a categoría do profesorado mellorable.</p>
	<p>Descrición da avaliación: O profesorado parece ser suficiente para a impartición do número de horas que figuran no documento achegado, mais o informe de revisión pola dirección reflicte unha preocupación pola diminución do profesorado. Efectivamente, pode comprobarse que, con respecto á memoria, o profesorado asociado diminuíu considerablemente. Con todo, a complexidade do documento non permite avaliar con claridade se o número de profesores por materia é razoable, posto que se observa unha variabilidade considerable e non se indica o número de alumnos matriculados por materia. A metade do profesorado é titular e a proporción de catedráticos é superior ao 10%.</p> <p>Cómpre mellorar a claridade das evidencias e facer unha reflexión máis profunda sobre a adecuación do número e perfil do profesorado. De todos os xeitos, as directrices proporcionadas son vagas e pouco obxectivas.</p>
7.- Resultados da EAD <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados as enquisas de avaliación da docencia e no informe de revisión pola dirección</p> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Non hai reflexión.</p>
	<p>Descrición da avaliación: Non hai análise dos resultados das EAD.</p> <p>Non se realiza ningunha análise dos resultados das EAD no informe de revisión pola dirección.</p>

1.4.1 Valoración do Criterio:

4 Recursos Humanos D

1.4.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Non conformidade	Informe de revisión pola dirección	No informe de revisión pola dirección nin sequera se alude ás enquisas de avaliación docente.	
Recomendación de mellora	E15 do Autoinforme	O documento proporcionado é pouco claro para tirar conclusións sobre a idoneidade dos perfís e número de profesorado por materia.	

1.4.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
<p>8.- Enquisas de satisfacción cos recursos materiais e infraestruturas</p> <p><i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados aos recursos materiais e infraestruturas no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai unha reflexión incompleta ou con resultados insuficientes s nin en todos os campos.</p> <p>Descrición da avaliación: A análise dos resultados asociados aos recursos materiais e infraestruturas no <u>informe de revisión pola dirección</u> é incompleta, posto que se fai referencia a certos problemas xurdidos neste ámbito e tamén se apunta unha posible causa, mais non se reflexiona sobre cal podería ser a mellor solución.</p> <p>Recoméndase mellorar a análise dos resultados das enquisas de satisfacción cos recursos materiais e infraestruturas contribuíndo posibles solucións baseadas na análise realizada.</p>

1.5.1 Valoración do Criterio:

5 Recursos Materiais e Servizos

B

1.5.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Análise da satisfacción cos recursos materiais do IRD	A análise dos resultados asociados aos recursos materiais e infraestruturas no <u>informe de revisión pola dirección</u> é incompleta, posto que se fai referencia a certos problemas neste ámbito e tamén se apunta unha posible causa, mais non se reflexiona sobre cal podería ser a mellor solución.	

1.5.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
<p>9.- Listaxe de Traballos Fin de Grado/Mestrado</p> <p><i>Fonte: Evidencia 24 do Auto informe de Avalía</i></p>	<p>Comprobar que a distribución das cualificacións é razoable</p> <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Hai unha distribución de cualificacións razoable.</p> <p>Descrición da avaliación: A distribución das cualificacións dos TFG é razoable, xa que cobren todas as posibilidades, con maioría de notas por riba do 7, o que denota que o alumnado acada as competencias. Só se rexistran un caso da máxima cualificación e un caso da mínima. En todo caso, sería preciso dispoñer da distribución dos TFG por tribunal de avaliación para poder determinar se a distribución é razoable.</p>
<p>10.- Indicadores por materia</p> <p><i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i></p>	<p>Comprobar que a distribución das cualificacións é razoable</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Non hai unha distribución razoable das cualificacións.</p> <p>Descrición da avaliación: Realízase unha análise descritiva dos indicadores por materia cunha breve reflexión para as materias que se desvían da media da titulación, que se corresponde máis coa avaliación dos resultados académicos globais. Proporcionáanse algunhas posibles causas para algunhas destas desviacións, mais non para todas. Dado que existen diferenzas substanciais entre materias que se xustifican aducindo que xa en anos anteriores ocorría o mesmo, cumpriría facer unha reflexión sobre se isto é desexable e, non caso de que non o sexa, reflexionar sobre as medidas que se poderían adoptar.</p> <p>Os valores parecen axeitados, mais existen diferenzas notables entre eles, polo que cómpre reflexionar de maneira máis profunda sobre a idoneidade dos resultados e a posible adopción de medidas ao respecto.</p>

1.6.1 Valoración do Criterio:

6 Resultados de Aprendizaxe B

1.6.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Listado de TFG	A distribución das cualificacións é razoable.	
Recomendacións para a mellora	Análise dos indicadores por materia	Cómpre reflexionar sobre a idoneidade da comparación entre os valores do curso 14-15 e os dos cursos anteriores para determinar os resultados que son ou non axeitados para unha materia. Sería necesaria unha reflexión maior.	

1.6.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
<p>11.- Enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados das diferentes enquisas de satisfacción no informe de revisión</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores insuficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: Os valores acadados son satisfactorios, posto que son coherentes cos obxectivos de calidade do centro. A reflexión é axeitada, aínda que podería ser máis completa. Cómpre sinalar que non hai respostas do profesorado, aínda que pode deberse a que só deben responder cada dous anos.</p> <p>Recoméndase mellorar a participación do profesorado e analizar non só os mellores e os peores resultados, senón os resultados globais da enquisa. O resultado obtido na cuestión da coordinación entre materias reforza o comentario previo deste informe sobre esa cuestión. Unha fortaleza é a participación de titulados.</p>
<p>12.- Resultados asociados á política e obxectivos de calidade <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados dos indicadores asociados a política e obxectivos de calidade que integran o SGIC no <u>informe de revisión pola dirección</u>.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Hai unha reflexión completa e os resultados acadan as metas asociadas.</p> <p>Descrición da avaliación: Hai unha reflexión completa e, en xeral, os resultados acadan as metas asociadas. Cómpre sinalar, con todo, que hai dous indicadores para os que non se chega ao obxectivo: a nota media de acceso do alumnado, que é inferior á prevista nos obxectivos, e a taxa de graduación, para a que se propón unha modificación da memoria. No caso da nota media de acceso, non se fai reflexión aínda que se indica que cómpre reflexionar, nin se achega ningunha mellora. Con todo, non consideramos que iso diminúa a valoración deste apartado, posto que transcende en certa medida as competencias do centro.</p>
<p>13.- Resultados académicos globais <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados globais da titulación no informe de revisión pola dirección</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores deficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: A análise dos resultados académicos globais é moi escasa, mais complementase coa análise dos indicadores por materia, que se corresponde máis ben co se que debería incluír neste apartado.</p> <p>Realízase unha brevíssima análise que se complementa coa análise descritiva dos indicadores por materia, que vai acompañada</p>

	dunha breve reflexión para as materias que se desvían da media da titulación, algo que se corresponde máis coa avaliación dos resultados académicos globais. Proporcionáanse algunhas posibles causas para algunhas destas desviacións, mais non para todas.
--	--

1.7.1 Valoración do Criterio:

7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento B

1.7.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Informe de revisión de dirección pola	Debe reflexionarse sobre todos os resultados e non só sobre os mellores e os peores.	
Fortaleza	Informe de revisión de dirección pola	A participación das persoas tituladas é unha fortaleza de debería manterse.	
Fortaleza	Informe de revisión de dirección pola	Conséguese os obxectivos de calidade e faise unha reflexión completa sobre eles.	
Recomendacións para a mellora	Informe de revisión de dirección pola	Cómpre analizar en maior profundidade os resultados académicos globais.	

1.7.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input checked="" type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input checked="" type="checkbox"/> C	

2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse as accións desenvolvidas, o seguimento das accións dos cursos anteriores e a coherencia entre estas accións e os resultados do título, así como as accións levadas a cabo para dar resposta ás recomendación para a mellora establecidas nos distintos informes de avaliación externa.

Cuestións	Descrición
1.- Desenvolvemento Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	<p>Ver no epígrafe “1. Valoración do cumprimento” o número e a importancia dos puntos febles atopados. Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exemplo 1... • Exemplo 2... <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza</u>: Todos os puntos febles atopados teñen unha acción de mellora asociada.</p> <p>Descrición da avaliación: Todos os puntos febles detectados pola coordinación e a dirección teñen accións de mellora asociadas, aínda que non todas están desenvolvidas. Tamén se propoñen accións de mellora sobre outras cuestións que non se consideran puntos febles.</p> <p>Todos os puntos febles levan asociadas accións de mellora. Tamén algúns dos puntos febles detectados durante esta revisión do seguimento teñen xa propostas de mellora asociadas.</p>
2.- Seguimento As accións de mellora que xurdiron o curso pasado desenvolvéronse de forma axeitada	<p>Valorar o grado de cumprimento e os resultados acadados. Valorarase de xeito especial aquelas que xurdiran de procesos de avaliación externa.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora</u>: Non se evidencia un seguimento dalgunhas accións de mellora que non son de procesos de seguimento externo.</p> <p>Descrición da avaliación: No epígrafe “1. Valoración do cumprimento” do informe de seguimento do curso 2014-15 recóllanse 12 puntos febles relacionados cos distintos criterios, como os que seguen:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non todos os procedementos de calidade están actualizados. • Non se inclúe un análise das EAD. • Non se inclúe na análise dos resultados de aprendizaxe o TFG <p>O plano de melloras do centro non contempla todos os puntos febles detectados durante o curso 2014-15, aínda que si os relacionados cos resultados de aprendizaxe e os indicadores, que levan asociadas accións</p>

	<p>de mellora que se contemplan no informe deste ano. Algunhas destas accións xa se levaron a cabo, mentres que outras seguen pendentes.</p> <p>Cómpre mellorar o seguimento do plano de melloras do curso pasado e tentar resolver todos os aspectos tratados.</p>
<p>3.- Coherencia As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?</p>	<p>Analizar se os puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora.</p> <p>Analizar se as actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora</p> <p>Analizar se os prazos e responsables son os axeitados para levar a cabo as accións de mellora</p> <p>Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> • • <p>Suxestión de valoración</p> <p><u>Fortaleza:</u> As accións de mellora son adecuadas para solucionar os problemas de xeito salientable.</p>
	<p>Descrición da avaliación:</p> <p>A maioría dos puntos febles parecen poder resolverse coas accións de mellora propostas, as actuacións que se deben desenvolver xorden das accións de mellora e os prazos e responsables parecen axeitados.</p> <p>As accións previstas no plan de mellora son coherentes cos puntos febles detectados.</p>

2.1 Valoración do Criterio:

Desenvolvemento	A
Seguimento	C
Coherencia	A

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Plano de melloras	Todos os puntos febles levan asociadas accións de mellora.	
Recomendacións para a mellora	Informe de revisión pola dirección e plano de melloras.	Non se evidencia un seguimento dalgunhas accións de mellora.	
Fortaleza	Plano de melloras	As accións previstas no plan de mellora son coherentes cos puntos febles detectados.	

2.3 Alegacións do Plan de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: